

Rebut: 23/VII/2015
Acceptat: 5/XI/2015

SOBRE A *GALLAECIA MAGNA* E AS RELACIÓNS HISTÓRICAS E XEOLINGÜÍSTICAS ENTRE GALEGO, PORTUGUÉS E ASTURIANO¹

Francisco DUBERT-GARCÍA
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Cando se repasan os traballos de historia da lingua galega acostuman a encontrarse uns contidos que poderíamos denominar a *visión prototípica* da súa conformación. Este xeito de entender a historia do galego pódese resumir coas seguintes oracións:

A) O galego-portugués (ou o galego) xerouse no territorio comprendido pola Galicia actual e a área portuguesa situada entre o Miño e o Douro.

B) Galego e portugués conformaban unha unidade lingüística, rota pola historia política cando Portugal conseguiu a súa independencia.

C) O galego diverxe do portugués, sobre todo, por castellanización, pois, trala independencia de Portugal, Galicia fica na órbita de Castela.

Vexamos algúns textos recentes que ilustran e resumen esta visión:

Originariamente una lengua histórica única (el *galaico-portugués*) hablada en el extremo noroeste de la Península Ibérica, el gallego y el portugués conocieron una evolución lingüística diferente después de la separación política en el año 1143 y sobre todo desde el fin del siglo XIV, cuando el gallego cae bajo la influencia del castellano, sobreviviendo entre los siglos XVI y XVIII sólo como variedad oral (Merlan, 2007: 9).

A criação do Condado Portucalense, em finais do séc. XI, e a sua separação do reino da Galiza abriram esse processo diferenciador: a historia externa (ou seja, política e social) do

1. Agradézolles a Ramón d'Andrés, Henrique Monteagudo, Xulio Sousa e os dous revisores anónimos os comentarios con que me axudaron na confección deste traballo. Este artigo realizouse dentro dos proxectos «Cambio lingüístico no galego actual» (FFI2012-33845) e «Contacto e cambio lingüístico en galego» (FFI2015-65208-P), e tamén coa axuda da Xunta de Galicia e dos Fondos FEDER (GRC2013/40).

galego e do portugués deixaram de ser comúns e as escolhas lingüísticas tomaram sentidos divergentes. Após a integración do reino de Leão na coroa de Castela, en 1230, a lingua galega entrou na esfera de influencia do castelano (de que importou léxico e algúna gramática) (Castro, 2013: 9).

O propósito deste traballo é tentar mostrar que para explicar a historia do galego e o seu proceso de separación do portugués cómpre ter presente o asturiano ou asturleonés. Defenderase aquí que (a) o galego e o asturleonés conforman desde as súas orixes unha área xeolingüística e (b) que cómpre buscar nesa antiga área a orixe dalgúns dos trazos que hoxe caracterizan o galego fronte ó portugués e ó castelán. Nótese que formar parte dunha antiga área xeolingüística non significa *formar parte dunha soa lingua*, senón só *compartir unha serie de trazos*. De feito, o galego e o asturiano forman parte dunha área xeolingüística só con respecto ós trazos que comparten; e, desde esta perspectiva, poden agruparse con outras linguas distintas se prestamos atención a outros trazos.

Para mostrar esta visión, en § 2 afondo na descrición da teoría tradicional sobre a historia do galego e do portugués; en § 3 retomo a noción de *Gallaecia Magna* e fago notar que xa outros autores veñen percibindo elementos de unidade xeolectal entre galego e asturiano; en § 4 reflexiono sobre as diferenzas entre a historia dos dialectos e a historia das linguas escritas e das variedades estándar e crítico a visión tradicional por soste que existen *espazos lingüísticos preconfigurados*; en § 5 reviso o papel da isoglosa de (a) ditongación de *É/Ö* tónicos latinos como elemento configurador; finalmente, en § 6 co fin de mostrar a existencia dunha área xeolingüística galego-asturleonese, estudo a distribución xeográfica dalgúns formas verbais irregulares que distinguen galego e portugués e agrupan galego e asturiano; remato en § 7 ofrecendo unhas conclusións.

2. A UNIDADE DO GALEGO-PORTUGUÉS

Teyssier (1995) é outro autor que resalta esta unidade galego-portuguesa medieval, que para el xebra claramente o galego-portugués do asturleonés e do mozárabe:

Le gallaico-portugais (*galego-portugués*) formait donc à l'origine, à l'angle nord-ouest de la Péninsule, un bloc de parlers nettement distincts de leur voisins de l'est et du sud. À l'est le gallaico-portugais était bordé par l'asturien et le léonais. [...] Ainsi l'aire primitive du gallaico-portugais comprenait le territoire de l'actuelle région autonome espagnole de la Galice et celui du Portugal, jusqu'à cette frontière imprécise située entre le Douro et le Mondego (Teyssier, 1995: 679-680 *passim*).

Teyssier non menciona o galego de Asturias, León e Zamora (que cae fóra da fronteira da Comunidade Autónoma de Galicia), e con moita prudencia sinala que ó sur do Mondego, contrastando claramente co galego-portugués, no século VIII se falaría outro romance, o mozárabe:

La frontière nord de ces parlers mozarabes est difficile à tracer, et d'ailleurs elle a dû varier dans le cours du temps; mais ils formaient, dans tout le centre et le sud de la Péninsule, de la Méditerranée à l'Atlantique, une chaîne ininterrompue (1995: 679).

Desta redacción parece desprenderse que, en canto o mozárabe *presentaba continuidade de oeste a leste*, o galego-portugués non presentaba tal continuidade nin coas falas meridionais (o mozárabe), nin coas falas orientais (as asturianas e leonesas). Esta visión atribúe unha personalidade especial ó galego-portugués, ó que se lle adxudican fronteiras claras, algo do que, por exemplo, aparenta carecer o mozárabe.

Pola súa parte, Lorenzo (1995: 649, *passim*) atribúe á época sueva e pos-sueva un papel decisivo na conformación deses romances galego-portugueses,

pues los germanos contribuyeron a la fragmentación lingüística peninsular y a que en el Occidente se conformase una variedad lingüística diferencial, común a Galicia y a todo el Norte de Portugal y a la parte más occidental de León y Asturias, más o menos en la zona de lo que era la *Gallaecia* prerromana.

Polo tanto, Lorenzo indica que xa nos séculos VI e VII estas falas do occidente irían conformando unha unidade lingüística distinta das que a rodeaban. Para el, a posterior invasión musulmá non afectou nunca a esta unidade lingüística, pois a Galicia situada ó sur do Miño foi reconquistada nos tempos de Afonso I (739-757) e os territorios hoxe portugueses de entre Douro e Miño foron reconquistados en tempos de Afonso III (866-910). Segundo Lorenzo, esta diferente cronoloxía na Reconquista puido axudar a que máis tarde se creara unha entidade territorial distinta ó sur do Miño, e con ela unha fronteira política, «aunque no a establecer una frontera lingüística» entre o falado ó norte e ó sur do Miño.

Máis adiante, Lorenzo (1995: 650) insiste en que só trala independencia de Portugal a comunidade lingüística, xeográfica e cultural formada polos territorios que ocupan a actual Galicia e o norte de Portugal «quedó cortada políticamente en una época primitiva y, como consecuencia de ello, empezaron las diferencias», sobre todo desde que se levou a capital de Portugal para Lisboa. Non se menciona o tipo de relación que as zonas asturianas e leonesas de fala galega tiñan con Galicia nin tampouco aparece mencionada a posible influencia castelá.

Algo máis atrás no tempo busca Meilán (1994) a orixe do galego; para iso, fíxase no momento propio da romanización e no efecto do substrato. No seu traballo, que ten como fin explicar por que se fala galego no territorio asturiano de entre Eo e Navia, atribúe este feito a que as terras en cuestión pertencían ó Convento Lucense da Gallaecia romana, conformado por unha serie de pobos celtas máis ou menos homoxéneos:

As xentes que pertenceron ao *Conventus Lucensis* (dende o Lérez ata o Navia) «romanizáronse» ou formáronse nunha mesma comunidade, cunha lingua ou latín que se falaba dentro dos seus lindeiros, con elementos substratísticos uniformes, os celtas galaicos (Meilán, 1994: 52).

Polo tanto, foron os diferentes pobos do substrato, que motivaron a división administrativa romana, os responsables da fragmentación do latín vulgar noroccidental en galego e asturiano (con todo, véxase Viejo, 2003: 86). Só máis adiante, no século IX, estas terras asturianas do Eo-Navia, propias da diocese de Bretoña, pasaron a formar parte da diocese de Oviedo, polo que finalmente acabaron integradas en Asturias. Ora ben, segundo Meilán, cando isto sucedeu, a lingua que alí se falaba xa tiña en si os xermolos do galego:

De demostrarmos que estes terreos historicamente pertenceron a Lugo ata avanzado o século VIII e a romanización estaba rematada no século III, quere dicir que lingüisticamente teñen que ter unha certa uniformidade e continuidade dentro de tales lindeiros. [...] Quere dicir polo tanto que cando tales terreos pasan a ser “administrados” por Asturias xa tiñan plenamente formado o seu “acervo” cultural, enténdase, sobre todo a súa “lingua” (Meilán, 1994: 62).

Ora ben, á luz destas análises, afirmacións e, sobre todo, da diverxencia que efectivamente se verificou ó longo da historia entre os dialectos galegos, portugueses e asturianos, é posible realizar unha serie de preguntas: ¿Ata que punto existía esa unidade previa á separación? ¿En que consistía? O certo é que, se miramos os traballos históricos sobre a lingua medieval, os autores mostran claramente que xa daquela existían algunhas diferenzas dialectais que hoxe permiten localizar e clasificar un texto como probablemente galego (ou, se se quere, redactado en Galicia) ou probablemente portugués (ou redactado en Portugal). Por exemplo, Lorenzo (1975: XXVI-XXXVI) xa ten presentado algunhas diferenzas consistentes; véxase tamén Maia (1986).

En todo caso, e a pesar das diferenzas internas, esta *unidade galego-portuguesa* era: ¿Unha *lingua* (unha entidade socio-histórica como hoxe as entendemos)? ¿Un conxunto de trazos lingüísticos (unha área xeolingüística, unha entidade lingüística) máis ou menos uniforme, pero sen o status social dunha *lingua* diferente das que a rodeaban?

Importantes tamén son as preguntas sobre o contacto lingüístico: ¿Como se relacionaba esta unidade, do tipo que fose, coas unidades veciñas? ¿Estaban os romances galego-portugueses illados dos outros romances veciños ou existían contactos e en que grao? Se existía o contacto, como con certeza era o caso, ¿que consecuencias lingüísticas tería? ¿Foi importante o contacto na constitución do que hoxe chamamos galego, portugués ou asturiano? A resposta a estas últimas preguntas é o obxecto deste traballo.

3. A GALLAECIA MAGNA DE PIEL: ¿UNHA ÁREA XEOLINGÜÍSTICA NO NOROESTE IBÉRICO?

Acabamos de ver que a visión prototípica sitúa a orixe do galego-portugués nun territorio similar ó que hoxe ocupa a actual comunidade autónoma, a faixa do Eo-Navia en Asturias, as comarcas galegófonas de León e Zamora e as terras portuguesas de Entre-Douro-e-Miño e Trás-os-Montes.

Pero, ¿coinciden os límites da entidade socio-histórica Galicia que xurdiu entre os séculos VIII-XI cos límites do territorio en que naceu o galego? O historiador Carlos Baliñas móstranos que, efectivamente, galegos e asturianos se vían a si mesmos como pobos distintos xa a finais da Alta Idade Media:

Asturias e Galicia [a Galicia ó norte do Miño, FDG], ástures e galaicos, son dúas realidades diferentes e mesmo contrapostas nas crónicas asturianas e na documentación galaica dos séculos VIII e IX. [...] [As fontes, FDG], cando se refiren a momentos e lugares concretos, deixan meridianamente claro que Galicia e Asturias eran xa vistas como dúas realidades xeográficas distintas e diferenciáveis (Baliñas, 2014: 37, *passim*).

Sería lóxico pensar que pobos distintos, procedentes de substratos distintos, deberían ir asociados a linguas distintas, de xeito que as fronteiras étnicas ou culturais fosen acompañadas de fronteiras lingüísticas. De feito, este é o fundamento das apostas que analizamos arriba. Deste xeito, cabería esperar que a área de emerxencia do galego coincidise, máis ou menos, con esa Galicia que xa tiña personalidade propia nos séculos VIII e IX (á que cómpre engadir dalgún xeito o Eo-Navia, e o León e a Zamora galegófonos).

Ó longo dunha serie de traballos, o lingüista alemán Joseph Maria Piel propuxo a existencia, dentro da Gallaecia romana, dunha rexión máis pequena que denominou *Gallaecia Magna* ou *Galécia Maior*, e que declarou territorio orixinario do galego-portugués. O máis rechamante desta rexión é que, como mostra o mapa 1, inclúe a metade occidental de Asturias; nótese que, cando digo a metade occidental de Asturias, refírome a un territorio moito máis amplo cá zona asturiana de fala galega, pois inclúe a área en que hoxe se fala asturiano occidental e aquilo que hoxe é Oviedo.

Realmente, é preciso dicir que este mapa non foi elaborado directamente por Piel, senón por Nogueira (1988) a partir dun traballo interpretativo sobre a obra do filólogo alemán. Constitúe por iso «uma tentativa de definição e interpretação do conceito geográfico-linguístico de «Galécia Maior» na obra de Joseph M. Piel» (Nogueira, 1988: 7). Para realizar a súa interpretación xeográfica, Nogueira analiza detidamente as contribucións de Piel sobre onomástica ástur-galego-portuguesa, pois o alemán nunca definiu o espazo xeográfico nin as fronteiras desta Gallaecia Magna, «uma zona de especificidade lingüística que estaría na orixe mais remota do portugués». En todo caso, Piel refírese a esta zona común como «ásture-galego-portuguesa». Reflexionando sobre a orixe do termo en Piel, dinos Nogueira que:

Se bem que não deixe de falar do “Noroste ástur-galego-português”, Piel parece procurar um termo que defina essa área que tem vindo a caracterizar, optando pela primeira vez em 1982 por Gallaecia Maior (Nogueira, 1988: 81).

Segundo Nogueira, este non é un termo moi apropiado para unha área de fronteiras bastante nebulosas, pois a vella Gallaecia romana incluía Trás-os-Montes e León, mentres que Piel exclúe estes territorios da área orixinaria básica que el considera. Máis aínda: Piel exclúe unha parte grande do actual Ourense. En todo caso, Piel establece que esta é unha área de grande especificidade lexical e fonética. De feito, Castro (1991) seguindo a Nogueira define a Gallaecia Magna, ou Maior, de Piel como:

Aquele território cujos dialectos, no plano fonético e no lexical, presentan de modo exclusivo as características que individualizan o portugués e o galego aínda hoxe. Constitúen-no as actuais provincias portuguesas do Douro Litoral, Minho, ocidente de Trás-os-Montes, quase toda a Galiza (con excepción da provincia de Orense) e a parte ocidental da provincia de Oviedo (Castro, 1991: 167).

Neste senso, non deixa de ser curioso que, inspirándose nos traballos dos romanistas de principios do xx, Neto (1957: 313) falara da existencia desta área xeolingüística ástur-galega xa no latín vulgar da época imperial. Para el, o sur da Galia e Hispania formarían unha unidade dialectal fronte ó norte da Galia. Nesta área suroccidental, «a xeografía, a cultura, a historia anterior aos Romanos, o grao de romanización e a base humana» determinaron a existencia de cinco grupos «que a experiencia e o realismo da política romana sempre tiveran na devida conta»: o grupo *narbonense*, de onde saíu o provenzal; o *aquitano-cantábrico*, de onde saíu o gascón en Francia e o castelán en España; o *tarraconense-pirenaico*, de onde saíu o catalán e o aragonés; o *sul-hispánico*, de onde saíu o que poderíamos chamar *mozárabe*; e, o que máis nos interesa aquí, o grupo *galeco-asturiano*, «caracterizado pola romanización deficiente e inacabada; base céltica sobre ambro-ílfrios e éuscaro-caucásicos. Daí saíron o *galego*, o *asturiano*, o *leonés* [...] e o *portugués*» (1957: 313).

Polo tanto, a pesar da existencia separada dos galaicos e dos ástures, desta división étnica, cultural ou o que fose, que suporía a adxudicación de Galicia e Asturias a conventos diferentes na administración romana, e que acabaría producindo na Idade Media dous reinos distintos (Galicia e León), a evolución lingüística neste espazo xeográfico xerou un tipo máis ou menos unitario de latín vulgar ou romance común galaico-asturiano cuxos resultados posteriores se exportaron máis adiante na Reconquista, dando orixe no occidente ó galego-portugués e no oriente ó ástur-leonés. En palabras de Neto, «desde os tempos romanos, e certamente pré-romanos, a faixa occidental da Hispania presentava características que a extremavam do resto do territorio, mormente da região centro-norte» en que se xerou o castelán.

Polo tanto, segundo esta visión o galego-portugués ten a súa orixe, en parte, nunha área que inclúe o occidente de Asturias, pero un occidente que vai máis ó leste das terras comprendidas entre os ríos Eo e Navia, penetrando en zona hoxe de fala claramente asturiana. Recordemos que esta vella unidade xeolingüística existiu a pesar da fronteira xeográfica (cultural?, política?) que separaba Asturias de Galicia...

Outros autores contemporáneos, como Merlan (2007) e Metzeltin (2014), recoñecen que esta unidade xeolingüística incluso chega á actualidade. Este último presenta a noción dun *románico asturleonés*, oposto a un *románico carolinio*, que se formou arredor dun elemento “atractor” que el identifica coa monarquía asturiana:

La formación d’una monarquía territorial y culturalmente bien estremada de la carolina, englobadora de delles comunidaes y con una realeza alministrativamente centralizante podría tener sío el «atractor» que xeneró los nidios asemeyos ente l’asturiano, el castellanu, el gallegu y el portugués (Metzeltin, 2014: 18).

Como vemos, Metzeltin proponnos tamén unha converxencia galaico-asturiana xa en época románica, durante a Reconquista. Evidentemente, todo isto sen prexuízo das evidentes diferenzas lingüísticas entre as distintas comunidades lingüísticas e culturais xeradas polos diversos substratos: «Al empar ye de suponer que pervivíen ritos y vezos rexonales prerromanos y precristianos y qu'el llatín faláu xebrábase acordies colos varios sostratos» (Metzeltin, *ibidem*).

De feito, como sinala Viejo (2003: 77, *passim*), o asturiano, á parte dos trazos que o caracterizan (metafonías, palatalizacións etc.) fronte ás linguas veciñas, comparte algúns trazos co castelán e outros co galego, pero son para el «cuantitativa y cualitativamente más relevantes los que lu averen [o asturiano] al espacio llingüístico gallego-portugués». Máis aínda, «la mayor parte de los fenómenos llingüísticos característicos d'una y otra llingua [gallego y asturiano] da fe de la mayor semeianza tipolóxica del asturiano al gallego-portugués qu'a, por casu el castelán».

Polo tanto, parecen existir motivos suficientes para pensarmos que, de antigo, Galicia, o norte de Portugal e Asturias (ou, polo menos, a súa parte occidental), conforman unha especie de área xeolingüística no seo dos dialectos hispánicos. Merlan (2007) ofrece no seu traballo algúns elementos lingüísticos que conforman esta área incluso na actualidade. ¿Como se comportou esta área xeolingüística desde o Imperio ata hoxe?

4. SOBRE A HISTORIA DOS DIALECTOS GALEGOS E O CONTACTO LINGÜÍSTICO

Antes de responder esta pregunta, é precisa unha pequena reflexión de sociolingüística histórica que mostre a *naturalidade* do contacto lingüístico. Segundo mostran os estudos (Lorenzo, 2004; Monteagudo, 2007, 2009; Boullón Agrelo / Monteagudo, 2009; Souto Cabo, 2014), o galego comezou a escribirse a mediados do século XIII, ou, polo menos, é a partir deste momento que comeza a se fortalecer a práctica do galego escrito, iniciada pouco antes. Ora ben, non se debe confundir a aparición dunha variedade escrita do galego co nacemento do galego como lingua histórica distinta do latín e, sobre todo, como lingua histórica distinta das outras variedades romances con que estaba en contacto (*v.g.*, o que hoxe chamamos asturleonés ou castelán). O nacemento da escrita galega é un indicio claro de que no século XIII se percibía o galego como algo distinto do latín, pero non é tan claro que se vise como algo completamente distinto do asturiano ou do castelán. Como di Mariño Paz:

Para antes del siglo XIII no juzgo apropiado hablar de gallego, asturleonés, castellano o aragonés (o navarroaragonés) como lenguas independientes, claramente percibidas como tales por todos o por lo menos por una gran mayoría de individuos. Al contrario [...], creo que durante mucho tiempo prevaleció la idea de que lo que se hablaba en muchos territorios de la Península Ibérica era simplemente romance (o “lengua hispánica”), sin más especificaciones (Mariño Paz, 2008: 55).

Deste xeito, cando se trata dos textos denominados galego-leoneses coma os que analiza Cintra (1959), Mariño Paz suxire que:

Es evidente que la visión que de las fronteras lingüísticas iberorrománicas que tenemos a principios del siglo XXI debe de diferir bastante de la que se tenía en el siglo XIII, de tal manera que los textos que hoy nos llaman la atención por lo que juzgamos hibridismo gallego-leonés pudieron ser estimados de manera muy distinta en la época en la que fueron redactados (Mariño Paz, 2008: 78).

Da mesma maneira se expresa Monteagudo, quen engade ademais que:

A romanística e a hispanística tradicionais traballaron co presuposto de que os espazos lingüísticos recoñecidos na actualidade estaban preconfigurados desde o momento de fragmentación do latín, e podían considerarse constituídos na Idade Media. Así, danse como daquela xa definidos un espazo lingüístico castelán, outro astur-leonés e outro galego-portugués (Monteagudo, 1999: 87).

Realmente, esta afirmación describe atinadamente as visións que comentamos na aliña §2, segundo a que o galego xa nace cunhas fronteiras claras e definidas ó leste. Pola contra, a proposta de Piel que revisamos en § 3 está fóra desta visión tradicional, pois considera que o que hoxe chamamos galego (e portugués) e asturiano (e leonés) teñen orixe nunha área xeolingüística definida só pola extensión xeográfica de fenómenos lingüísticos compartidos con independencia dos grupos étnicos que os usaban, das fronteiras culturais e, sobre todo, das linguas que *no futuro* ocuparían os territorios polos que os fenómenos se estendían. Non se preocupa, pois, polas fronteiras entre linguas, senón polas fronteiras de fenómenos lingüísticos; tampouco se preocupa polo uso dos fenómenos para establecer fronteiras entre linguas, senón por agrupar variedades diversas que comparten fenómenos que as caracterizan fronte a outras variedades.

Para Monteagudo, denominar hoxe galego, asturiano ou castelán aquelas variedades resulta cómodo e útil á hora de «reconstruír a historia interna dos diasistemas», pero parécelle máis adecuado vulgar, para as persoas daquel tempo, «que antes de ser recoñecido un *romance galego* [...], o que se recoñecían era maneiras de falar (e escribir) *romance á galega*» (1999: 88). Eu creo que aceptar a preconfiguración dos espazos lingüísticos condiciona a nosa reconstrución da historia interna dos diasistemas e con ela as *asépticas regras fonéticas ou morfolóxicas* con que enchemos os nosos traballos de gramática histórica.

Esta visión tradicional ou prototípica torna tamén problemáticos os fenómenos de converxencia entre dialectos contiguos que hoxe atribuímos a linguas diversas e os movementos de fenómenos lingüísticos a través de varias linguas: coma se as fronteiras de linguas supuxeran límites insuperables para os fenómenos lingüísticos (a este respecto, véxase Heine / Kuteva, 2006).

Ora ben, se naquel entón quizais non existía unha consciencia clara de separación entre galego, asturleonés e castelán, é natural pensar que as formas lingüísticas individuais circulasen entre os falantes das diferentes variedades con maior permeabilidade do que sucede cando existe unha consciencia lingüística clara, que pode bloquear (aínda que non necesariamente) por tabú a toma de préstamos. De feito, esta circulación de formas

existiu e ten que ser moi antiga, tanto coma o propio proceso da romanización (véxase Dubert-García, 2010, 2011 e 2013), pois permitiu crear esta área xeolingüística da que falei en § 3.

En todo caso, é indubidable que a aparición dunha variedade escrita resulta un feito senlleiro de enorme importancia cultural, social ou política, sobre todo na nosa cultura occidental. Os manuais e os traballos de historia da lingua galega consagran moitas páxinas á aparición e análise da lingua escrita galega na Idade Media, á súa desaparición na Idade Moderna e á súa recuperación na Idade Contemporánea. Ora ben, resulta tamén preciso estudar a *historia dos dialectos galegos* e non só a *historia da escrita e do estándar galegos*. Para isto convén separar o estudo sobre a aparición, constitución, evolución e desaparición das variedades escritas, da lingua literaria, das variedades estándares...; da constitución e evolución dos dialectos. As escritas e os estándares, dun lado, e os dialectos, do outro, son variedades lingüísticas moi diferentes desde un punto de vista funcional, e a súa constitución e evolución responden a procesos distintos.² Na escrita e no estándar, dáse a planificación e selección artificial do corpus: a intervención consciente, a influencia doutras tradicións escritas e estándares, etc. Por exemplo, este influxo apréciase no desenvolvemento diverxente das escritas galega e portuguesa que xurdiron sobre as falas galego-portuguesas xa desde o momento en que estas se comezaron a escribir. Nos dialectos e linguas faladas, observamos unha evolución espontánea por cambios internos (fonéticos, analoxías, etc.) e o contacto con outros dialectos.

Desde este punto de vista, xulgo que coñecer a historia do galego actual é coñecer, sobre todo, a historia dos seus dialectos. A razón é ben simple, pois, á fin e ó cabo, o galego escrito e estándar actual non é máis có resultado da elaboración (no sentido klossiano; véxase Muljačić, 1995; Fernández Rei, 1996) ou normativización dos dialectos galegos contemporáneos. Toda a recuperación e reivindicación literaria e política do galego construíuse a partir do século XIX tomando como referencia, positiva ou negativa, as variedades lingüísticas que efectivamente *falaban* e *falamos* os galegos da Idade Contemporánea, pois como estamos fartos de saber a tradición escrita e a posibilidade de construír unha variedade estándar quebrouse na Idade Moderna ó longo dos chamados Séculos Escuros (Monteagudo, 1999; Mariño Paz, 2008).

Ora ben, describir o estado dialectal do galego na Idade Media é terriblemente difícil, pois é evidente que non temos datos directos sobre as formas faladas nese momento... Os únicos indicios que posuímos están nos textos escritos, sobre todo, na denominada *prosa instrumental* (véxanse as reflexións de Maia, 1986). Estes textos escritos transmiten de forma imperfecta a realidade lingüística falada, pois tamén están sometidos a tradicións gráficas, aínda que da súa análise pódense obter datos fundamentais, como mostran os traballos de Maia (1986), Álvarez / Xove (1998), Álvarez (2007) ou Álvarez / Xove

2. Segundo un dos revisores, debería considerar, mellor, unha oposición *oral* <-> *escrito* e outra *estándar* <-> *dialectal*, pois existen escritos de marcado carácter dialectal e usos orais condicionados polo estándar. Porén eu creo que o estándar nace en principio como lingua escrita e para a lingua escrita (Milroy / Milroy 1991), de modo que existe un vínculo especial entre estándar e escrita. Antes de haber estándar hai información dialectal nos textos escritos, pero non hai *dialectalismos* (detectados como tales só pola súa oposición ó estándar).

(2008). Pero nótese que na Idade Media, coma hoxe mesmo e coma sempre nas linguas, debían existir, alén dunha variación xeográfica, outra variación social ou diastrática, e debían de existir formas romances de prestixio aberto que podían pasar á lingua escrita e formas romances estigmatizadas que terían problemas para acceder á lingua escrita, a pesar da laxitude normativa que se acostuma apor á época medieval. Nos textos escritos medievais podemos encontrar formas que hoxe clasificamos como castelanismos ou leonesismos, pero ó mellor faltan formas galegas populares que non chegaron a ser nunca recollidas nos textos escritos, ou só foron recollidas de forma anecdótica, por estaren socialmente estigmatizadas.

Polo tanto, ó explorar a historia e constitución dos dialectos galegos ata, durante e despois da Idade Media, deberíase intentar tomar en consideración o peso non só dos dialectos asturleonese e castelán, senón tamén o das formas galegas populares que quizais existían en Galicia e non pasaron á escrita. Dou por sentado que moitas destas formas, moi antigas, existen aínda nos dialectos falados actualmente. Por exemplo, no galego occidental de Fisterra a Carnota existe unha forma *vén* para a 3SG.IND.PRT.PRF do verbo *vir* (*ela vén onte* 'ela veu onte') que interpreto coma un descendente directo de *venit*, substituído no resto do territorio polo latín vulgar *venut*, e que, aparentemente, non tivo presenza na lingua medieval escrita (0 rexistros no *DVPM*) ou non a tivo comparable a *věo*.

Termos en conta todos estes factores levaríanos a preguntarnos ata que punto a integración de Galicia nas coroas de León e Castela e a presión do castelán foron os únicos ou maiores responsables da ruptura da suposta unidade previa entre galego e portugués e do afastamento posterior do galego con respecto ó portugués.

Polo tanto, a forma actual dos dialectos do galego, desde esta presumida unidade medieval común co portugués, ¿débase só ou principalmente á influencia do castelán?

5. O VALOR DA ISOGLOSA DE (A)DITONGACIÓN DE Ē/Ō TÓNICOS LATINOS (MENÉNDEZ PIDAL, 1906)

Non obstante o dito por Neto sobre o latín *galeco-asturiano* que vimos en § 3 como fonte orixinaria do galego, o portugués, o asturiano e o leonés, se seguimos lendo o seu manual encontramos outra afirmación que sorprende pola súa incoherencia aparente co defendido unhas páxinas atrás:

A Península Ibérica presenta-nos, desde a Idade Média até hoje, três grupos lingüísticos românicos fortemente constituídos pela tradição, pela literatura e pela firme vontade dos habitantes: o *português-galego*, o *espanhol* (castelhano, leonês, asturiano) e o *valenciano-catalão* (1957: 365).

Como vemos, agora Neto agrupa, por razóns aparentemente extralingüísticas, o asturiano (e o leonés) co castelán. Parece coma se quixese indicar que, desde un punto de vista xenético-lingüístico, considera asturiano e galego estreitamente relacionados fronte

ó castelán; pero que, desde un punto de vista socio-cultural, considera que o asturiano debe agruparse co castelán. Ou quizais haxa que pensar simplemente no peso que na tradición da lingüística histórica hispánica tiña a visión dos espazos preconfigurados que xa levamos comentado arriba. Esta preconfiguración espacial tomou unha isoglosa, a (a)ditongación de Ē/ō, como un trazo lingüístico definitivamente definitorio e xustificador,³ i.e., como o preconfigurador dos espazos. Neste sentido, comenta Viejo que a tradición filolóxica hispánica:

Defende más bien una clasificación de los romances peninsulares qu'axunta asturiano-leonés con castellán y aragonés dentro d'un grupo central caracterizáu pola ditongación de les vocales medio-baixas llatinas, de cote a los romances laterales (catalán y gallego-portugués) que nun conocerían el fenómeno (Viejo, 2003: 79).

Polo tanto, no texto de Neto e nos textos analizados en § 2 tal vez esteamos comprobando o alto valor cualitativo dado á isoglosa da (a)ditongación de Ē/ō tónicos, PŌRTAM > *porta* ~ *puarta* ~ *puorta* ~ *puerta*, que Menéndez Pidal (1906) propuxo como límite entre os dialectos iberorrománicos occidentais (galego e portugués) e o asturleonés. Para esta finalidade, Menéndez Pidal podía primar outro trazo, coma a caída de -N-⁴, cun trazado parecido ó da (a)ditongación de Ē/ō, pero só esta última:

A) Agrupa os dialectos que el considera *centrais* (asturleonés, castelán e aragonés, con ditongación), fronte ós que considera *periféricos* (galego-portugués e catalán, sen ditongación).

B) Afecta a un número elevado de ítems lexicais de uso moi habitual, e ten, ademais, moita relevancia e saliencia gramatical, de modo que introduce alternancias morfofonémicas moi perceptibles: *puerta*, *portal*; *muero*, *mueres*, *morimos*.

Desde un punto de vista perceptivo, pois, os resultados da ditongación producen diferenzas moi notorias e evidentes entre o galego e o asturiano que aparecen constantemente: pensemos en parellas coma *ollo* vs. *güeyu*, *morte* vs. *muerte*, *novo* vs. *nuevu*. Tamén como resultado da (a)ditongación, o galego quedou cun sistema de sete vogais, mentres o asturiano pasou a un de só cinco. Polo tanto, é imposible negar a súa importancia lingüística nin a súa capacidade para funcionar con ese valor simbólico. Ora ben, primeiro, non se debe esquecer que esta isoglosa foi escollida *por convención* para marcar a fronteira entre o galego e o leonés; e, segundo, é posible que esta convención non estea só fundamentada nas razóns lingüísticas devanditas, senón tamén noutras menos *técnicas*. Segundo Viejo, a selección da isoglosa e a agrupación do asturiano co castelán:

3. Segundo Fernández-Ordóñez (2006, n. 6), nun artigo de 1923 Menéndez Pidal fala só da (a)ditongación de ō, sen referirse a Ē. O certo é que existen dúbidas sobre se Ē ditongou ou non en catalán (Lausberg, 1981: 118-119; Moll, 1952: 67-78).

4. Esta isoglosa da caída de -N- tamén acostuma mencionarse como límite do galego fronte ó asturiano. A súa promoción a fronteira entre as linguas resulta tamén interesante: Fernández Rei (1990) válese dela, indirectamente, para dividir o galego en tres bloques dialectais básicos e separar en conxunto o galego do asturiano: as falas occidentais galegas con plurais *-ns* para as palabras rematadas en nasal (*can*, *cans*), as falas centrais galegas con plurais *-s* (*can*, *cas*), as falas orientais galegas con plurais en *-is* (*can*, *cais*); e xa fóra do galego, as falas asturleonesas con plurais *-nes* (*can*, *canes*).

Responde más bien a la tradicional visión dialectalista que se tien d' asturianu y aragonés con rellación al castellán qu' a una clasificación tipolóxica rigorosa que, evidentemente, nun ye de faese depender exclusivamente d' ún único rasgu fonolóxicu, sía la que quier la so relevancia (Viejo, 2003: 79)

De feito, Fernández-Ordóñez (2006) asegura que a razón que tiña Menéndez Pidal para seleccionar a (a)ditongación de Ē/ō xurdía da súa crenza en que asturiano, castelán e aragonés constituían a base do español.

En todo caso, primar esta isoglosa como *a fronteira* entre galego e asturiano tivo como consecuencia que se volveran secundarias as similitudes, ó tempo que as transformou nun problema. Polo tanto, a selección da isoglosa serviu non só de fundamento á visión do espazo preconfigurado, senón tamén de ocultación da existencia do contínuum xeolingüístico real, que é o que efectivamente existe, pois, na miña opinión, o contínuum non existe só entre o galego e o asturiano nas terras do Eo-Navia (García Arias, 1997), senón que nace/morre en, digamos, Fisterra ou Muxía e segue indefinidamente cara ó leste, primeiro no interior do territorio galego e logo no territorio asturiano, sen solución de continuidade entre ámbolos dous espazos lingüísticos. O que temos, realmente, son isoglosas que se van sucedendo ó longo dun espazo xeográfico. Os fenómenos lingüísticos, desde esta perspectiva xeolingüística, non pertencen a unha lingua, senón que se estenden por espazos xeográficos.⁵

Se prestamos atención a outras isoglosas fonéticas secundarizadas de (1), por exemplo, vemos que os seus trazados nin coinciden coa fronteira política entre Galicia, Asturias, León e Zamora, nin coa *fronteira* marcada pola (a)ditongación de Ē/ō:

(1) a) Límite oriental de /ej/ (*ferreiro*) e /ow/ (*ouro*) conservados.

b) Límite oriental de PL-, FL- e CL- > /tʃ/ (*cheo*, *chen*) en galego e asturiano, ou /t/ en asturiano.

c) Límite oriental de conservación de /f/ (*fariña*, *faría*, *farina*).

d) Límite oriental de conservación de -MB- (*lombo*, *llombu*, *lomo*).

e) Límite oriental da conservación de /it/ < -CT-, -LT- (*leite*, *lleite*, *l.leite*).

f) Límite occidental da caída de -/o/ en -INUM, -ENUM (*vecín*, *centén*).

g) Límite oriental de -NN- > -/n/-

h) Límite oriental -LL- > -/l/-

Nótese que nin sequera as isoglosas de simplificación/palatalización das xeminadas -NN- e -LL- coinciden unha coa outra en territorio asturiano, nin o límite de caída de -N- coincide co da caída de -L-. Pero o valor dado á isoglosa de (a)ditongación de Ē/ō, axudado do valor dado á isoglosa de perda de -N-, provoca e fundamenta a idea do espazo lingüístico preconfigurado que antes presentamos, secundariza estoutras de (1) e dificulta o recoñecemento de galego e asturiano como elementos *tipolóxicos* (como dirían Viejo, 2003; e Metzeltin, 2014) próximos.

5. Incluso, se como pretende Andrés Díaz (2011), entre o galego e asturiano existise realmente unha fronteira gradual ou difusa, consituída por un feixe cuantitativamente definido de isoglosas, a magnificación da importancia desta fronteira traerá as mesmas consecuencias: a súa transformación en pretendido muro infranqueable que determina a existencia de dous espazos xeolingüísticos preconfigurados e a dificultade na percepción das continuidades que efectivamente existen a pesar da fronteira.

Segundo a doutrina tradicional dos espazos preconfigurados, vencéllase a isoglosa de (a)ditongación á fronteira do vello *Conventus Lucensis*; e esta fronteira vencéllase con vellas fronteiras étnicas entre celtas galegos e celtas asturianos; porén, ¿a que se vencellan as isoglosas secundarizadas? A isoglosa de perda de *-/o/* final en *-INUM* (*VICINUM* > *vecín*), *-ENUM* (*PLENUM* > *chen*) entra en Galicia; a isoglosa de conservación de */it/* < *-CT-*, *-LT-* (*MULTUM* > *muíto*) penetra ata o centro de Asturias. ¿Por que *-NN-* só se palataliza en [ɲ] na metade leste e na zona norte-centro de Asturias e se simplifica en [n] na metade occidental e na zona sur-centro, mentres que as diversas palatalizacións de *-LL-* ocupan toda a área de fala asturiana e unha parte de fala galega? (García Arias, 2003). Con respecto a estes dous trazos, esta situación crea dúas variedades en Asturias: unha, en que *-LL-* e *-NN-* palatalizan; outra, en que *-LL-* palataliza, pero en que *-NN-* se simplifica en [n]. Creo que estes feitos simplemente mostran que as isoglosas se moven con certa independencia unhas das outras.

Dixen ademais que a promoción/selección da isoglosa de (a)ditongación de *Ē/ō* provoca que os fenómenos compartidos polos dialectos galegos e asturianos teñan un encaixe dificultoso. De feito, é común ler que algúns trazos *asturianos* penetran en territorio galego e que algúns trazos *galegos* penetran en territorio asturiano... (isto xa no propio traballo de Menéndez Pidal, 1906), cando sería máis apropiado dicir que algúns dialectos asturianos e galegos contiguos comparten trazos, unhas veces de orixe (área focal) máis occidental e outras de orixe (área focal) máis oriental (Dubert-García, 2010). Porén, desde un punto de vista meramente dialectal, a maioría das isoglosas que estamos a considerar representan solucións características

De comunidades lingüísticas muy amplias [...] impuestas a las hablas locales, y no desarrolladas en ellas; sus fronteras son el resultado de la inmovilización de grandes frentes de onda que un día avanzaron a todo lo ancho de la Península en dirección Este-Oeste (u Oeste-Este) (Catalán, 1956-57/1957-58: 76).

Se a isoglosa de (a)ditongación é unha isoglosa máis, desaparecen os espazos preconfigurados e resulta máis fácil ou máis natural aceptar que galego e asturiano compartan trazos e teñan similitudes tipolóxicas que nos permiten agrupar estas dúas linguas nunha área xeolingüística.

6. O CASO DALGÚNS VERBOS IRREGULARES GALEGOS E ASTURIANOS

Tras repasar criticamente a idea dos espazos lingüísticos preconfigurados e a da sobrevaloración da isoglosa de (a)ditongación de *Ē/ō*, podemos preguntarnos xa: ¿Existen máis probas da existencia desta área xeolingüística galego-asturiana? ¿De que maneira afecta a súa existencia á descrición da historia interna do “sistema lingüístico galego”? ¿Será responsable esta área dalgunhas das diferenzas evolutivas entre galego e portugués? Nesta aliña defenderei a hipótese de que algunhas diferenzas entre galego e por-

tugués son quizais constitutivas, i.e., xurdiron no mesmo momento da emerxencia das variedades románicas e que, lonxe de explicarse polo contacto do galego co castelán, ou por unha evolución diverxente do galego, deben explicarse en función dos trazos que caracterizan esta área xeolingüística galego-asturiana.

Para comprobar esta hipótese, vou centrar na análise da distribución xeolingüística dalgúns formas verbais irregulares, pois, segundo Lorenzo (1985: 86), durante a deriva evolutiva do galego-portugués desde a Idade Media ata a actualidade, o portugués preferiu as formas que el denomina máis “etimolóxicas”, en canto que, en galego, as formas verbais irregulares «puideron sufrir transformacións posteriores pola actuación da analogía no sistema verbal, cousa que levou a unha profunda diferenciación dos dous troncos», i.e., o galego e o portugués.

Nesta aliña vou analizar, pois, a raíz do IND.PRS do verbo *facer*; a do SBVX.PRS do verbo *dar*; e as raíces do tema de perfecto dos verbos *facer* e *querer*. Os datos do galego son tomados, fundamentalmente, de *ALGa I*; os datos portugueses, de Vasconcellos (1901) e Segura (2013); os datos asturianos, de Rodríguez Castellano (1954), Cano González (1981) e Zamora Vicente (1967); os datos do galego-portugués medieval, de *DVPM* e de Maia (1986). Os traballos de Zamora Vicente (1967), García de Diego (1959), Alvar (1996), así coma as gramáticas históricas, parecen indicar que en castelán non se conservan variacións deste tipo.

6.1. RAÍZ DO IND. PRS DO VERBO *FACER*

O IND.PRS do verbo *facer* presenta unha morfoloxía rica en galego. Existen varios modelos de conxugación, de xeito que a 1SG ten formas coma *fago* na maior parte do territorio, *faigo* no norte e *faio* no Baixo Miño; as 2SG, 3SG e 3PL teñen as formas *fas*, *fai*, *fan* na maior parte do territorio e *fais~faes*, *fai*, *fan* na Costa da Morte, *fais~faes*, *fai~fae*, *fain~faen* no Baixo Miño e en todo o oriente; as 1PL teñen as formas *facemos* na maioría do territorio, *faguemos* no centro de Ourense, *faemos* no Baixo Miño galego, *femos* no norte de Asturias, onde tamén existe *faemos* (véxanse os mapas correspondentes de *ALGa I*). En (2) presento resúmenes das conxugacións tomadas dalgúns puntos indicativos do *ALGa I*, con formas do INF e formas do IND.PRS.

(2)	GalC ⁶	C.17	P.33	O.31	L.29	L.1	A.4
INF	facer	facer	faer	faguer	facer	facer	fer
1SG	fago	fago	faio	fago	fago	faigo	fago
2SG	fas	fais	fais	fas	fais	fas	fais
1PL	facemos	facemos	faemos	faguemos	facemos	facemos	femos
3SG	fan	fan	fain	fan	fain	fan	fain

A orixe da maioría destas formas é problemática e non constitúe o obxectivo deste traballo. En todo caso, interesan aquí as formas *reducidas* da 2SG, 3SG, 3PL do IND.PRS e a

6. GalC: galego común, as formas do estándar e as máis estendidas xeograficamente. Baixo *fais* agrupo [ˈfajs], [ˈfaes]; baixo *fai*, [ˈfaj], [ˈfae]; baixo *fain*, [ˈfajɲ], [ˈfaeɲ], [ˈfaeɲ]. O radical da 1PL é o mesmo có da 2PL.

2SG do IMP: para *fas~fais, fai* e *fan~fain* fálase de resultados de formas latinovulgares dunha forma *FAGERE (García de Diego, 1959: 167); de formas conxugadas dun radical latinovulgar *FARE (Grandgent, 1952: 246-247); de diferentes tipos de analoxías que actuaron modernamente e modificaron as formas *etimolóxicas* medievais (Krüger, 1957; Santamarina, 1974: 42; Ferreiro, 1995: 323-326) etc. Como se pode apreciar, as dúas primeiras propostas buscan a explicación no latín vulgar; a terceira, no paso da lingua medieval á moderna.

En todo caso, resulta interesante comparar estas formas coas propias do asturiano occidental, que aparecen en (3), tal e como as recollen Rodríguez Castellano (1954), Cano González (1981) e Zamora Vicente (1967):

(3)	Asturiano occidental
INF	facer, fader, faer, fer
1SG	faigu, fagu
2SG	fais
3SG	fai
1PL	fademus, faemus, femus
3PL	fan, fain

Como se ve, con axustes fonéticos mínimos, tódalas formas asturianas reducidas existen en galego. As formas portuguesas correspondentes aparecen en (4); en cursiva van as formas dialectais recollidas por Vasconcellos en Trás-os-Montes, «surtout sur la frontière» (1901: 139), e que son idénticas ás galegas e asturianas. Santos (1967: 235) tamén recolle na fronteira trasmontana estas formas.

(4)	Portugués
INF	fazer
1SG	faço, <i>fazo, fago</i>
2SG	fazes, <i>fais</i>
3SG	faz, <i>fai</i>
1PL	fazemos
3PL	fazem

Dou para completar o cadro as formas do castelán en (5).

(5)	Castelán
INF	hacer
1SG	hago
2SG	haces
3SG	hace
1PL	hacemos
3PL	hacen

Como se pode apreciar, existe un paralelismo claro entre as formas galegas e as asturianas, dun lado, e entre as formas castelás e as portuguesas do outro, pois cada bloque parece responder a un plan básico similar.

Estes datos inclínanme a pensar que galego e asturiano conservan no IND.PRS resultados das raíces *FARE~*FAGERE, que deberon coexistir cos de FACERE no latín vulgar noroccidental (de modo que as formas *fas~fais~faes*, *fai*, *fan~fain~faen* non serían innovacións tardomedievais ou modernas, como queren Santamarina e Ferreiro). As razóns desta opinión fúndanse na existencia de descendentes destas raíces noutras áreas da Rumania (véxase Grandgent, 1952; e a súa fonte, Rydberg, 1893). Non é posible realizar aquí unha crítica dos cambios analóxicos posmedievais que propón Ferreiro (1995). Abonde con dicir que os datos do *ALGa I*, resumidos arriba, mostran que algunhas das afirmacións que sustentan a súa análise son inexactas.⁷ Cumpriría tamén explorar a posibilidade de que a distribución das formas reducidas se axuste máis ben a algún tipo de padrón morfómico (Maiden, 2005), pois as formas das 2SG, 3SG, 3PL do IND.PRS e da 2SG. IMP presentan resultados especiais noutros verbos irregulares galegos (*digo*, *dis*, *di*, *dicos*, *din*; *vou*, *vas*, *vai*, *imos*, *van*; *hei*, *has*, *ha~hai*, *habemos*, *han*).

As formas portuguesas e castelás presentan un esquema similar entre elas na 2SG, 2SG, 3PL do IND.PRS e na 2SG.IMP: *haces~fazes*, *hace~faz*, *hacemos~fazemos*, *hacen~fazem*, *haz~faz*. O portugués só presenta restos de *FARE~*FAGERE no IND.PRS e na 2SG. IMP na zona trasmontana de contacto co galego e co leonés.

Na lingua medieval, o *DVPM* recolle os seguintes rexistros dos resultados de *FARE~*FAGERE: un caso de 2SG *faes* nas *Cantigas de Escarnio e Maldicir*, un caso de 3SG *fai* nas *Cantigas de Santa María* e un caso de 3PL *fam* tamén nas *Cantigas de Escarnio e Maldicir*. A súa actual extensión xeográfica e a súa presenza xa nas cantigas medievais apuntan a que as formas reducidas son antigas (polo menos, propias da Idade Media), aínda que por algún motivo non pasaban con facilidade á lingua escrita.

En definitiva, o galego aquí agrupouse co asturiano e conservou formas propias e antigas; o portugués tivo un comportamento máis similar ó castelán, pois eliminaron, se é que algunha vez os tiveron, os restos de *FARE~*FAGERE na 2SG, 3SG, 3PL no IND.PRS e na 2SG.IMP. Pero se incluso a creación das formas reducidas fora moderna, como queren Ferreiro (1995) e Santamarina (1974), no paso da lingua medieval á actual, estes cambios volven a agrupar galego e asturiano e a separar estas linguas do castelán e do portugués, mostrando a existencia de diversos fenómenos de contacto e de área xeolingüística.

6.2. RAÍZ DO SBXV.PRS DE *DAR*

A orixe das formas do SBVX.PRS de *dar* en galego merece tamén unha revisión que agora non podo abordar, pois non é o propósito deste artigo. As formas básicas que aparecen nos dialectos galegos actuais son fundamentalmente dúas: formas do tipo *dea-* e

7. Por exemplo, para Ferreiro (1995: 326) «é significativo que *faer* apareza en áreas en que a P2 do Presente de Indicativo é *faes~fais* ao lado de *fas*». Porén, como mostran os dialectos de C.17 e L.29, *faes~fais* aparecen tamén nas áreas de *facier*.

formas do tipo *día-*; a estas cómpre sumar dalgún rexistro do posible castelanismos do tipo *de-* e algunhas formas tipo *deña-*, analóxicas con *teña* e *veña*, SBXV.PRS de *ter* e *vir*, respectivamente. Segundo os datos do *ALGa I*, as formas *dea-* aparecen por todo o occidente e centro de Galicia; as formas tipo *día-* predominan no norte (onde forman un bloque), unha faixa todo ó longo do leste e no sur de Ourense, facendo coma un arco que medio envolve as formas *dea-*.

Outra vez, o asturiano occidental (Rodríguez Castellano, 1954; Zamora Vicente, 1967; Cano González, 1981) presenta as formas *dea-~día-*, coma o galego; as formas *día-* aparecen xa no Fuero de Oviedo. Igual ca no galego, poden aparecer ocasionalmente formas con *i* antihiático: *deia-*.

En portugués as formas tipo *dea-~deia-~dia-* aparecen, segundo Vasconcellos (1901) e Santos (1967), en Trás-os-Montes.⁸ Para esta última, (Santos, 1967: 234), «mais uma vez estamos perante formas que se usam regularmente nas regiões contíguas da Galiza e Leão». Sequeira (1957: 107) localiza *deia-* no Baixo Minho portugués, en área incluída na *Gallaecia Magna*. As formas portuguesas comúns son do tipo *dê-*, exactamente igual ca en castelán.

Na lingua medieval, Maia (1986) localiza *dea-~día-* só en documentos galegos, pero non en documentos portugueses. Álvarez (2007: 392-393) realiza un estudo máis pormenorizado da distribución xeográfica das formas *de-*, *dea-*, *día-* nos textos medievais, mostrando posibles cambios de uso ó longo da Idade Media que requirían máis tempo e espazo do que dispoñen.

Segundo Ferreiro (1995), *dea-~día-* son innovacións construídas sobre a forma medieval *de-*. Ora ben, a introdución do sufixo de SBXV.PRS *-a* propio da terceira conxugación era un fenómeno común no latín vulgar (Grandgent, 1952: 256). De feito, Rodríguez Castellano e Cano González fan proceder *dea-* dun latín vulgar *DEA-. Existe evidentemente un problema coa vogal radical, *dea-* ou *día-*. Unha forma latina vulgar *DEA- debería dar *día...* Tamén é posible que as formas *día-* sexan máis antigas cás formas tipo *dea-*, e que estas últimas se creasen posteriormente sobre formas *de-* preservadas tomando *día-* como referencia; deste xeito, *dea-* e *día-* serían a expresión dun mesmo fenómeno en dous momentos diferentes da historia do galego e do asturiano.

En todo caso, a grande extensión que teñen as formas analóxicas *dea-~día-* apunta, ó meu xuízo, a un fenómeno antigo, propio do latín vulgar galaico-asturiano. Segundo Maia (1986: 779), «a área galega deste tipo de conxuntivo parece prolongar a área lingüística asturiana e leonesa, onde viven tais tipos de conxuntivo, desde o período medieval». Para Maia, da ausencia destas formas nos textos portugueses que analiza «não se pode concluir necessariamente a favor da sua inexistência na linguagem falada da época» en Portugal, pois simplemente é posible que fosen consideradas variantes demasiado vulgares para aparecer en textos escritos.

Sexa como for, se as formas analóxicas son de creación latinovulgar, constitúen outro indicio da existencia da área xeolingüística que Piel denomina *Gallaecia Magna*; se foron creacións románicas medievais, constitúen outro indicio do contacto galego-

8. Un dos revisores móstrame o rexistro de *dea* tamén en Alfândega da Fé, Trás-os-Montes (*Revista Lusitana* XIV, p. 300).

asturiano-leonés, en que non parece actuar o castelán de ningún modo. Resulta interesante que, coma no caso do IND.PRS de *facere*, castelán e portugués seleccionen formas do mesmo plan.

¿El habrá unha explicación similar para algunhas das formas en que coinciden galego e asturiano co castelán? Sobre a presenza de formas tipo *sea-* como SBXV.PRS do verbo *ser* nos textos medievais dinos Rosario Álvarez que «con frecuencia son as máis temperás nos respectivos lugares, polo que, na nosa opinión, confirman un contínuum antigo coas variantes leonesas e coas que se habían converter en normais no espazo castelán» (Álvarez, 2007: 395). Na mesma páxina, ó comentar a maior vitalidade dialectal de *sea-* no galego actual afirma que «houbo, por tanto, unha recuperación e unha expansión de *sea-*, axudada ou non pola coincidencia formal co castelán» (p. 395, n. 19); pero as formas tipo *sea-* aparentan ser antigas e son comúns entre o galego e o asturiano.

6.3. RADICAL DOS PRETÉRITOS FORTES “SIGMÁTICOS”: OS CASOS DE *FACERE* E *QUERERE*

A palatalización dos segmentos apicoalveolares que pechaban os pretéritos fortes sigmáticos non resulta problemática (Ferreiro, 1995; Varela Barreiro, 1999). Sábese que un *-i/* final átono procedente do *-ī* que aparecía nas formas de palabra da ISG.IND.PRT.PRF de verbos coma *QUAERERE* (*QUAESĪ), *PONERE* (*POSĪ), *DICERE* (DIXĪ) etc., palatalizou a consoante alveolar precedente. En principio, a consoante final do radical de *QUAESĪ ou *POSĪ era fricativa apicoalveolar voceada e o resultado da súa palatalización foi unha consoante fricativa postalveolar voceada [ʒ], xeralmente transcrita coa letra <g>. Por esta razón, Varela Barreiro (1999) sinala que a consoante do final do radical de *fige* <FECĪ (de *FACERE*) é analóxica da de *puge*, *trouxe*, *dixe*, *quige* etc., pois o segmento laminoalveolar africado [dz] ou fricativo [z] orixinario non debería palatalizarse en galego (FECĪ > [fizi]). A consoante postalveolar da ISG.IND.PRT.PRF estendeuse, ó longo da Baixa Idade Media, a tódalas outras formas do paradigma no tema de perfecto nos diferentes verbos: *quige* > *quigemos*, *quigera*. Finalmente, en galego estas formas fortes *puge*, *quige*, *fige* recibiron na ISG.IND.PRT.PRF un *-n* final analóxico do de *vin* <VENĪ, ISG.IND.PRT.PRF de *vir*; e a consoante fricativa postalveolar voceada [ʒ] desvoceouse en [ɣ]. En (6) ofrécese un breve repaso dialectal, elaborado a partir dos mapas correspondentes do *ALGa I*, das raíces de *facere* no tema de perfecto.

(6)	GalC	O.31	L.29
1SG	fixen ⁹	figuen	ficen
2SG	fixeches	figueches	ficeches
3SG	fixo	figo	fizo
1PL	fixemos	figuemos	ficemos

9. Baixo *fix-* grupo un conxunto de variantes fonolóxicas dialectais relacionadas coa última consoante da raíz debidas a un cambio fonolóxico automático posterior á Idade Media, denominado despatalización de /ʃ/ (véxase Fernández Rei, 1990), non condicionado nin morfoloxica nin lexicalmente: [fis]-, [fiʃ]-, [fiʃ]-, [fiʃ]-. En virtude da gheada, o dobrete ortográfico *fig~figu* pode representar [fih]- ou [fiu]-.

As formas tipo *fixen* do GalC son as maioritarias e ocupan case toda Galicia; as formas tipo *figuen*, analóxicas con *fago~faguer*, aparecen no centro de Ourense; as formas tipo *ficen* aparecen de xeito esluído e mesturadas con formas tipo *fixen* nunha faixa oriental que vai de norte a sur nas provincias de Lugo e Ourense. O radical tipo *fic-* é o resultado que cabería esperar en galego dunha *evolución fonética regular* de FECl. Existen terceiras persoas *fezo* e *fexo*, todas elas orientais; no galego de Asturias tamén aparecen formas tipo *faíches*, *faemos~femos*, construídas sobre o radical do tema de presente (aínda que estes falantes usan só *fixen~ficen* na 1SG e *fexo~fezo* na 3SG do IND.PRT.PRF).

En canto ó verbo *querer*, a única raíz que hoxe encontramos nos dialectos galegos é *quix-*, que abarca un rango de realizacións fonolóxicas diversas. O radical máis común é [kiʃ]; o segmento fricativo final do radical pode alternar en función dos dialectos: [kiʃ]-, [kiʃ]- (con diversos graos de despalatalización, Fernández Rei, 1990, polo que [kiʃ]- non debe interpretarse como a conservación dun radical rematado en consoante apicoalveolar latinovulgar), ou [kiʒ]- (con preservación das coronais fricativas sonoras, Fernández Rei, 1990). Todas estas formas remontan ó radical tardo medieval [kiʒ]-, que á súa vez é o resultado dunha anterior [kiʒ]-. En (7) ofrezo as correspondentes formas asturianas:

(7)	Asturiano occidental	
	<i>faer</i>	<i>querer</i>
1SG	fixi	quixi
2SG	fixisti	quixisti
3SG	fixu~fexu	quixu
1PL	fixemus	quixemus

As formas portuguesas correspondentes para *fazer* son *fiz*, *fizeste*, *fez*, *fizemos*, etc., que responden ó mesmo plan básico cás galegas do tipo *ficen*, *ficeches*, *fizo~fezo* e cás castelás *hice*, *hiciste*, *hizo*, *hicimos*, etc. Nótese os trazos que comparten tódalas formas galegas, asturianas e castelás: na 1SG o radical vai seguido de vogal palatal que se conservou nestas variedades e que en galego adoita considerarse vogal temática (Santamarina, 1974): *fix-e-n*, *figu-e-n*, *fic-e-n*, *fix-i*, *hic-e*; na 3SG.IND.PRT.PRF aparece un afixo *-o* inmediatamente despois do radical, que en galego adoita considerarse sufixo de número e persoa (Santamarina, 1974): *fix-o*, *fiz-o*, *fix-u*, *hiz-o*. Nin Santos (1967), nin Vasconcellos (1901) rexistran formas portuguesas de *fazer* coa palatalización; as formas con *-o* final na 3SG aparecen en Portugal só na fronteira nordeste.

Nin o portugués nin o castelán presentan palatalización nos temas de perfecto que resultan de FACERE, QUAERERE ou PONERE; galego e asturiano palatalizan os resultados de FACERE, QUAERERE ou PONERE. Sequeira (1957) e Vasconcellos (1901) localizan formas palatalizadas, tipo *fijeste*, pero «trata-se da palatalização do *-z-* ao contacto como o *i*, fenómeno que depara tanto na fala popular (*Isabel* > *Jabel*, *visitas* > *bejitas*, *quási* > *caiji*) coma como na lingua arcaica» (Sequeira, 1957: 109).¹⁰ Santos (1967: 236) parece

10. «Dans le Nord, l'f se change en j entre un i oral et une voyelle, et l's se change en x entre un i oral ou nasal et une voyelle, dans certains mots: *quijer* = quiser, *Jabel* = Ijabel, *inxinar* = ensinar, *dixe* = disse» (Vasconcellos, 1901: 115).

atribuír o segmento postalveolar de *quijo* ou *quijer* de Trás-os-Montes ó mesmo fenómeno.

Polo tanto, estamos outra vez ante unha contigüidade galego-asturiana que exclúe o portugués e o castelán. Esta contigüidade galego-asturiana é moito máis interesante cás vistas ata agora, pois non hai dúbida de que resulta de fenómenos de cambio románicos, creados e potenciados na Baixa Idade Media, non de fenómenos propios dunha antiga latinidade compartida. Foron o castelán e o portugués quen quedaron fóra destas palatalizacións (aínda que o castelán ten palatalizacións antigas en *traer*, *traje~truje*; ou en *decir*, *dije*; ou en *conducir*, *conduje*).

7. CONCLUSIONES

Acostuma atribuírse ó contacto galego-castelán a evolución diverxente que tiveron desde a Idade Media o galego e portugués. Nunha formulación forte desta visión, Vázquez Corredoira (1998) afirma que:

Para mim, o mais decisivo, o, na verdade, decisivo para a *diferenciação* do galego-português foi o facto de este, a Norte do Minho, não vir a ser nunca “lingua nacional” nem seguir “a sua própria evolução interna independente (1998: 76).

Ainda que nem sempre a dominação do castelhano se manifestasse de modo tão directo e até brutal, pode sustentar-se que este é o mecanismo básico da *convergência* do galego com o espanhol. O galego deve aceitar a dominação do castelhano e *acomodar-se* (convergir) lingüisticamente a ele. Nenhum lugar há aqui para as *preferências* pessoais (1998: 86)

Aínda que sería absurdo negar a influencia do castelán na evolución (e na conformación) do galego tal e como hoxe o coñecemos ou facer unha gramática histórica que ocultase a presenza do castelán en Galicia, creo que estas afirmacións de Vázquez Corredoira constitúen unha formulación demasiado forte e unha simplificación das razóns da diverxencia: que o galego tivo unha evolución posmedieval propia, independente do castelán e do asturiano, móstrano formas coma *-n* en casos coma *fun*, *collín*, *partín*; *-ches* en *comiches*, *viches*; o alomorfo *no* do acusativo da terceira persoa tras ditongo en *colleuno*, *pediuno*; a recuperación e extensión de *-des* en *cantades*; a existencia de formas coma *estiveno*, *fono*, *colleno*; o desenvolvemento de *che* como dativo; a redución do uso dos tempos verbais compostos (que aparecen con diversos graos de gramaticalización na lingua escrita da Idade Media; véxase Moscoso, 2004, 2008), o desenvolvemento de pronomes de solidariedade; o uso da preposición en usos aspectuais coma *comer no queixo*; o uso do acusativo en xiros presentativos coma *aí o vén*, *aí a está...*, etc.; moitas desta formas separan o galego tanto do castelán coma do portugués e do asturiano; e, na falta dalgunhas destas formas, coinciden ás veces castelán, asturiano e portugués. Polo tanto, haberá que buscar as razóns da diverxencia *tamén* noutros factores.

Buscando estes factores, neste traballo tentei analizar criticamente a visión tradicional da historia da lingua galega fundamentada no paradigma dos espazos lingüísti-

cos preconfigurados, segundo a cal as linguas que hoxe falamos na Península Ibérica e, o que é máis importante, as súas fronteiras, estaban xa claras e establecidas desde o momento da fragmentación do latín vulgar. No caso galego, a isoglosa configuradora deste espazo é a de (a)ditongación de ě/ō (axudada da isoglosa de caída de -N-). Neste traballo adoptouse unha perspectiva máis de acorde cunha visión propia da xeografía lingüística tradicional, que ten como obxectivo os límites entre fenómenos lingüísticos individuais e non fronteiras entre linguas ou dialectos; esta visión permite a detección de áreas xeolectais fundamentadas na identificación de fenómenos lingüísticos compartidos, con independencia das linguas en que efectivamente se encontren. Neste traballo non nego o valor (socio)lingüístico fundamental da isoglosa en cuestión, pero chamo a atención sobre o feito de que ó usarse con ese valor configurador puido impedir ou dificultar ver as continuidades xeolingüísticas que se verifican entre o galego e o asturiano. Naturalmente, os fenómenos lingüísticos contiguos só poden compartirse por medio de evolucións comúns e por fenómenos de contacto e intercambio lingüístico. Esta visión toma como naturais a existencia de fenómenos compartidos por varias linguas en contacto xeográfico (ou por algúns dos dialectos de varias linguas en contacto xeográfico).

Partindo desta visión teórica, retomei a noción da *Gallaecia Magna* ou *Maior* establecida por Piel en varios traballos sobre onomástica e léxico propio do noroeste ibérico, e cuxas fronteiras xeográficas hipotetizou Nogueira (1988). Seguindo esta visión, a orixe xeográfico-histórica do galego, do asturiano e do portugués estaría nun territorio, un espazo xeolingüístico, compartido polas tres linguas.

Pero neste traballo tamén defendo que a existencia desta área galego-asturiana contribúe a explicar parte importante da diverxencia do galego con respecto ó portugués, sobre todo mediante a *fidelidade* que os galegos tiveron para cos fenómenos propios desta área xeolingüística. O portugués seguiu unha evolución independente que, nalgúns casos, parece coincidir con evolucións compartidas co castelán e que poderían ser obxecto doutro traballo. Nestes casos, o galego mostra unha autonomía clara do castelán (e do portugués), que non nos permite afirmar categoricamente que as diverxencias do galego e do portugués se deban só ou fundamentalmente a que Galicia quedase na súa evolución socio-político-cultural na órbita de Castela. O galego conservou vellas tendencias propias, quizais moi antigas, que o asociaban co asturiano; ademais, presentou desenvolvementos propios, como vimos arriba, que tamén mostran a súa independencia do asturiano, do portugués e do castelán.

Para realizar este estudo, analicei a distribución xeográfica dalgunhas formas verbais irregulares galegas, pois nelas se encontran moitos exemplos das evolucións diverxentes galegas e portuguesas. Este estudo mostra que:

- Hai formas comúns galego-asturianas (*fas, fais / dea-, día-*), diferentes das portuguesas e castelás (*fazes, haces / dê-, dé-*).
- Existen evolucións románicas tardomedievais comúns ó galego e ó asturiano occidental (os radicais *fix-* de *facere* e *quix-* de *querere*).
- As formas comúns galego-asturianas deberon de ser moi habituais na lingua falada medieval, a pesar de que, practicamente, non pasaron á lingua escrita, quizais porque na época tiñan pouco prestixio social.

- Estas formas mostran unha área xeolingüística primitiva galego-asturiana, no seo da *Gallaecia Magna* altomedieval establecida por Piel, que é posible durase durante toda a Idade Media e que, de feito, aínda hoxe continúa.

- A isoglosa de (a)ditongación de \bar{e}/\bar{o} , seleccionada en parte por algúns motivos ideolóxicos, crea unha fronteira artificial que dificulta a percepción desta unidade primitiva.

- Nos ítems analizados, o castelán e o portugués agrúpanse polo seu plan morfolóxico similar, fronte ó galego e ó asturiano.

Alén da morfoloxía verbal irregular, existen outros elementos lingüísticos que permiten mostrar a existencia desta área xeolectal galego-asturiana (chega con ler a descrición do asturiano de Zamora Vicente, 1967): diversas formas de metafonía, a tendencia á énclice na colocación dos pronomes átonos, o uso dos pronomes de terceira persoa como formas de cortesía para referirse ó interlocutor, a conservación de construcións posesivas do estilo *casa de seu, vaca de noso* etc.

Por todas estas razóns, creo que sería xa hora de ir incluíndo títulos sobre o asturleonés nas bibliografías dos traballos de gramática histórica galega..., e viceversa; tamén sería mellor ir aceptando unha visión máis matizada da propia historia interna da lingua galega.

OBRAS CITADAS

- ALGA I = GARCÍA, Constantino / SANTAMARINA, Antón / ÁLVAREZ, Rosario / FERNÁNDEZ REI, Francisco / GONZÁLEZ, Manuel (1990): *Atlas lingüístico galego. Vol 1. Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALVAR, MANUEL (dir.) (1996): *Manual de dialectología hispánica*. Barcelona: Ariel.
- ÁLVAREZ, Rosario (2007): «Variación dialectal no período de emerxencia». BOULLÓN AGRELO, Ana (ed.): *Na nosa lyngoage galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 373-398.
- ÁLVAREZ, Rosario / XOVE, Xosé (1998): «Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*». KREMER, Dieter (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vol. 1. Vigo: Galaxia, pp. 29-58.
- ÁLVAREZ, Rosario; Xove, Xosé (2008): «Os adverbios alá/aló, acá/acó en galego medieval». CORRAL, Esther / FONTOIRA SURÍS, Lydia / MOSCOSO MATO, Eduardo (ed.): *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: USC, pp. 377-403.
- ANDRÉS DÍAZ, Ramón de (2011): «Fronteras lingüísticas y geotipos, con atención a la zona Eo-Navia (Asturias)». *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, pp. 121-151.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2014): «Os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Alta Idade Media». SOUSA, Xulio / NEGRO ROMERO, Marta / ÁLVAREZ, Rosario (ed.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 27-54.

- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / MONTEAGUDO, Henrique (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Santiago de Compostela: USC.
- CANO GONZÁLEZ, Ana (1981): *El habla de Somiedo*. Santiago: USC.
- CASTRO, Ivo (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- CASTRO, Ivo (2013): «Formação da língua portuguesa». RAPOSO, Eduardo Paiva *et al.* (org.): *Gramática do português*. Vol. 1. Lisboa: Gulbenkian, pp. 7-16.
- CATALÁN, Diego (1956-57 / 1957-58): «El asturiano occidental. Examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas». *Romance Philology* X (1956-57), pp. 71-92 e XI (1957-58), 120-158. Cito por *Las lenguas circunvecinas del castellano*. Paraninfo: Madrid, pp. 30-99.
- CINTRA, Luís F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo*. Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos.
- DUBERT-GARCÍA, Francisco (2010): «As formas *camín* e *chen* en galego e asturiano: solucións supra-rexionais, solucións rexionais e contínuum xeolectal». *Revista de Filología Románica*, Núm. 27, 29-58.
- DUBERT-GARCÍA, Francisco (2011): «Sobre as orixens da vogal radical /i/ em *sigo* ~ *sig*a no verbo galego-português: um fenómeno de contacto lingüístico?». *Studies on Hispanic and Lusophone Linguistics*, Volume 4, Issue 2, pp. 301-341.
- DUBERT-GARCÍA, Francisco (2013): «As formas tipo *tivo* e o contacto lingüístico cos romances centrais». GUGENBERGER, Eva / MONTEAGUDO, Henrique / REI-DOVAL, Gabriel (ed.): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 139-167.
- DVPM = XAVIER, Maria Francisca (dir.): *Dicionário de verbos do português medieval*. Disponível en <http://cipm.fcsh.unl.pt/verbos/indiceverbos.jsp>
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1996): «A posición do galego, lingua románica reemerxente». LORENZO, Ramón / ÁLVAREZ, Rosario (ed.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela: USC, pp. 15-46.
- FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, Inés (2006): «Contribuciones de Ramón Menéndez Pidal al estudio del catalán: *Del I Congrès Internacional de la Llengua Catalana al Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*». PEREA, Maria Pilar / COLÓN DOMÈNECH, Germà (ed.): *El Primer Congrès Internacional de la Llengua Catalana. Reflexos i projections*. PPU: Barcelona, pp. 173-202.
- FERREIRO, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluís (1997): «El continuum llingüístico ente'l gallego y l'asturiano». *Lletres asturianas*, Núm. 62, pp. 43-50.
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluís (2003): *Gramática histórica de la lengua asturiana*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1959): *Manual de dialectología española*. Madrid: Ediciones de Cultura Hispánica.
- GRANDGENT, C. H. (1952): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: CSIC.
- HEINE, Bernd / KUTEVA, Tania (2006): *The changing languages of Europe*. Oxford: OUP.

- KRÜGER, Fritz (1957): «Notas de dialectología asturiana comparada». *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Núm. XXX, pp. 3-48.
- LAUSBERG, Heinrich (1981): *Lingüística románica*. Lisboa: Fundação C. Gulbenkian.
- LORENZO, Ramón (1995): «Galegische koine. La koiné gallega». HOLTUS, Günter / METZELTIN, Michael / SCHMITT, Christian (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, Band/Volume II, 2. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 649-679.
- LORENZO, Ramón (2004): «Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XI-II-XVI)». ÁLVAREZ, Rosario / FERNÁNDEZ REI, Francisco / SANTAMARINA, Antón (eds.): *A lingua galega: Historia e actualidade*. Vol. III. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 27-153.
- LORENZO, Ramón (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la de Castilla, Vol. I*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- LORENZO, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *Historia do galego-português*. Lisboa: Gulbenkian, JNICT.
- MAIDEN, Martin (2005): «Morphological autonomy and diachrony». BOOIJ, Geert / VAN MARLE, Jaap (ed.): *Yearbook of Morphology 2004*. Dordrecht: Springer, pp. 137-175.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.
- MEILÁN GARCÍA, Antón (1994): «De cuestións históricas e lingüísticas sobre “el galego de Asturias”». FERNÁNDEZ REI, Francisco (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Xerais, pp. 47-79.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1906): *El dialecto leonés*. Revista de archivos y bibliotecas. Año X, 2-3.
- MERLAN, Aurelia (2007): «Las variedades lingüísticas del noreste peninsular: convergencias y divergencias». *Lletres Asturianas*, Núm. 96, pp. 7-56.
- METZELTIN, Miguel (2014): «L’asturianu ente les llingües romances». *Lletres Asturianas*, Núm. 110, pp. 11-23.
- MILROY, James / MILROY, Lesley (1991): *Authority in language. 2nd Edition*. London; New York: Routledge.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- MONTEAGUDO, Henrique (2007): «A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental». BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 275-312.
- MONTEAGUDO, Henrique (2009): «A elaboración do galego escrito no período primitivo». *Estudos de lingüística galega*, Núm. 1, pp. 85-112.
- MOSCOSO MATO, Eduardo (2004): «Antepretérito sintético e analítico en galego medieval». ÁLVAREZ, Rosario / FERNÁNDEZ REI, Francisco / SANTAMARINA, Antón (ed.): *A lingua galega: historia e actualidade*, Vol 3. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 227-233.
- MOSCOSO MATO, Eduardo (2008): «Nací e fuy nado no galego medieval». CORRAL, Esther / FONTOIRA SURÍS, Lydia / MOSCOSO MATO, Eduardo (ed.) *A mi dizen quantos*

- amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: USC, pp. 553-564.
- MOLL, Francisco de B. (1952): *Gramática histórica catalana*. Madrid: Gredos.
- MULJAČIĆ, Žarko (1995): «A estandarización do galego á luz de procesos análogos noutras linguas «minorizadas» europeas». MONTEAGUDO, Henrique (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, pp. 19-51.
- NETO, Serafim da Silva (1957): *Historia da língua portuguesa*. Rio de Janeiro.
- NOGUEIRA, Carlos Filipe (1988): «O concepto geográfico-lingüístico de Galécia Maior». Seminario de Lingüística Portuguesa Histórica (ed.), *Sete ensaios sobre a obra de J. M. Piel*. Lisboa: Publicações do Instituto de Lingüística da Fac. de Letras de Lisboa, pp. 77-103.
- RODRÍGUEZ CASTELLANO, Lorenzo (1954): *Aspectos del bable occidental*. Instituto de Estudios Asturianos (CSIC): Oviedo.
- RYDBERG, G. (1893): *Le développement de facere dans les langues romanes*. Paris: Imprimerie & Librairie de Ch. Noblet.
- SANTAMARINA, Antonio (1974): *El verbo gallego*. Santiago de Compostela: USC.
- SANTOS, Maria José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- SEGURA, Luísa (2013): «Variedades dialetais do português europeu». RAPOSO, Eduardo Buzaglo Paiva et al. (ed.): *Gramática do português. Vol. I*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 85-144.
- SEQUEIRA, F. J. Martins (1957): *Apontamentos acerca do falar do Baixo-Minho*. Lisboa: Revista de Portugal.
- SOUTO CABO, José António (2014): «Os primeiros escritos em galego-português: revisão e balanço». EIRÍN GARCÍA, Leticia / LÓPEZ VIÑAS, Xoán (ed.): *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica. Monografía 9 da Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa, pp. 369-393.
- TEYSSIER, Paul (1995): «Portugiesische koine. La koinè portugaise». HOLTUS, Günter / METZELTIN, Michael / SCHMITT, Christian (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, Band/Volume II, 2. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 679-692.
- VARELA BARREIRO, Xavier (1999): «A evolución dos pretéritos irregulares sigmáticos». ÁLVAREZ, Rosario / VILAVEDRA, Dolores (ed.): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero, Vol. 1*, Santiago de Compostela: USC, pp. 1047-1072.
- VASCONCELLOS, José Leite de (1901): *Esquisse d'une dialectologie portugaise*. Paris; Lisboa: Aillaud.
- VÁZQUEZ CORREDOIRA, Fernando (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela: Laioven-to.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2003): *La formación histórica de la llingua asturiana*. Uviéu: Trabe.
- ZAMORA VICENTE, Alonso (1967): *Dialectología española*. Madrid: Gredos.



Mapa 1. A *Gallaecia Magna* de Piel segundo Nogueira (1988).

RESUMO

Este artigo pretende chamar a atención sobre a existencia dalgúns fenómenos dialectais que mostran a existencia dunha área xeolingüística galego-asturiana (que inclúe o Baixo-Mínho portugués) que xa ten a súa orixe no mesmo momento da romanización. De feito, retómase a noción xeo-histórico-lingüística de *Gallaecia Magna* demarcada por Joseph M. Piel como locus xeográfico orixinario do nacemento do portugués, do galego e do asturiano. Esta área estaba formada polo noroeste de Portugal, as provincias de Pontevedra, Coruña, Lugo e a metade occidental de Oviedo. Algunhas diferenzas entre galego e portugués (que agrupan galego con asturiano) deben remitirse á inclusión de Galicia e do oeste de Asturias nesta área. Os fenómenos mostran un prolongado contacto galego-asturiano e unha fidelidade do galego e do asturiano a esta área e un comportamento independente e, ás veces, unitario do portugués e do castelán con respecto a estes fenómenos.

PALABRAS CLAVE: galego, portugués, asturleonés, castelán, contacto lingüístico.

ABSTRACT

On the *Gallaecia Magna* and the historical and geolinguistic relations between Galician, Portuguese and Asturian

The aim of this article is to call attention to the existence of certain dialectal features that prove the existence of a Galicio-Asturian geolinguistic area (including the Portu-

guese Baixo-Minho) which dates back to the period of Roman colonization. What we effectively do is revive the geo-historico-linguistic notion of a *Gallaecia Magna* elaborated by Joseph M. Piel as the original geographical birthplace of Portuguese, Galician and Asturian. This area consisted of north-east Portugal, the provinces of Pontevedra, Coruña, Lugo and the western part of Oviedo. Some differences between Galician and Portuguese (that show Galician as more akin to Asturian) must have to do with the affinity of Galician and western Asturias to this area. The features are proof of a long period of contact between Galician and Asturian, and their allegiance to the area, as opposed to the independent, sometimes united, stance of Portuguese and Castilian in the face of these facts.

KEY WORDS: Galician, Portuguese, Asturo-Leonese, Castilian, language contact.